

## ANUNCIO

Tendo en conta que por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2009, prestouse aprobación das bases que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades culturais para a realización de actividades de interese cultural, ano 2009 e máis das bases que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas e clubs para a realización de actividades deportivas, ano 2009 e cuxos textos foron publicados integramente no BOP nº 057, de 11 de marzo de 2009.

Logo de ver que por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 3 de abril de 2009, prestouse aprobación dos modelos de solicitude que rexerán nestes procedementos sinalados, facendo efectivo o disposto na Lei 30/92 de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 e que foron publicados integramente no BOP nº 084, de 15 de abril de 2009.

Tendo en conta o establecido na base 24ª de execución do Orzamento Xeral en canto ao órgano competente para subscribir a convocatoria dos procedementos de concorrencia competitiva, e nas bases 7ª e 8ª das normas específicas reguladoras destes procedementos e de acordo coa base 13ª das devanditas normas, establécese o prazo de 30 días naturais a partir da publicación desta convocatoria no boletín oficial da provincia de Lugo para a presentación de solicitudes por parte dos interesados en concursar nestes procedementos. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial de Lugo, sendo a área tramitadora dos expedientes a Área de Cultura e Deporte (Vicepresidencia Primeira).

O que se fai público para coñecemento e para os oportunos efectos

Lugo, quince de abril de dous mil nove. - O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro. O Secretario, Faustino Martínez Fernández.